

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS

15 abril 2018

**A PALABRA anúncianos que resucitou e VIVE.
El explica as Escrituras e todo cobra SENTIDO.**

1. VER: Hai palabras e palabras.

-Todos sabemos que non son o mesmo as palabras que oímos na rúa ou na tele que as que nos din as persoas que queremos: pais ou amigos.

Son para ti todas as palabras igual de importantes? Recordas algunha frase importante de teus pais, avós ou amigos?

2. XULGAR: Xesús deixounos a Palabra de Deus.

*-Xesús, o domingo, trala resurrección, preséntase por segunda vez no medio dos apóstolos, saúdaos coa paz e eles crían que era unha pantasma. Pero el **móstralles as súas mans** e os seus pés aínda chagados polos cravos e **fálalles**, enchéndoo de ledicia. Logo come con eles, explícalles as Escrituras e **“abriulles o entendemento para comprendelas”**.*

QUE NOS QUERE DICIR?

-O domingo é o día en que a comunidade se reúne e Cristo faise presente no medio de nós a través da súa Palabra.

- Cristo regálanos a súa Palabra**, a palabra máis importante da semana, porque é Xesús mesmo o que as di: que bonitas son as túas palabras!
- A Palabra de Deus ábrenos a mente**, axuda a entender o que nos sucede, a nosa vida e o que pasa ao noso ao redor, con mirada divina.
- “Descargamos” a Palabra de Deus na nosa vida** para que nos ilumine, nos encha de forza, nos anime, revise o mal feito... A ledicia, a paz, e o perdón inundarán a nosa vida.
- E así andemos o camiño da santidad ao que nos invita o papa Francisco coa nova exhortación apostólica.

Escoítas con atención a Palabra de Deus?

Que encontras nela?

3. ACTUAR: Descarga a súa Palabra no teu corazón!

- Presta atención ao que che di a Palabra de Deus cada domingo e que quere cambiar en ti.
- Pensa que Cristo non só está presente na misa no Pan senón tamén na Palabra de Deus.
- En grupo axudamos a toda a comunidade a valorar a Palabra e a responder ben e con forza a: “Palabra do Señor”.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS 3, 13-15.17-19:

Matastes o autor da vida, pero Deus resucitouno de entre os mortos.

Naqueles días, Pedro dixo ao pobo: «O Deus de Abrahán, de Isaac e de Xacob, o Deus dos nosos pais, glorificou o seu servo Xesús, ao que vós entregastes e de quen renegastes ante Pilato, cando decidira soltalo. Vós renegastes do Santo e do Xusto, e pedistes o indulto dun asasino; matastes o autor da vida, pero Deus resucitouno de entre os mortos, e nós somos testemuñas diso. Agora ben, irmáns, sei que o fixestes por ignorancia, do mesmo xeito que as vosas autoridades; pero Deus cumpriu deste xeito o que anunciara polos profetas, que o seu Mesías tiña que padecer. Xa que logo, arrependídevos e convertédevos, para que se borren os vosos pecados».

Palabra do Señor.

SALMO 4:

Fai brillar sobre nós, Señor, a luz do teu rostro.

1ª XOÁN 2,1-5:

El é vítima de propiciación polos nosos pecados e tamén polos do mundo enteiro.

LUCAS 24, 35-48:

Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos ao terceiro día.

Narrador:- Naquel tempo, os discípulos de Xesús contaron o que lles pasara polo camiño e como o recoñeceron ao partir o pan. Estaban falando destas cousas, cando el se presentou no medio deles e díxolles:

Xesús: -«Paz convosco».

Narrador: Pero eles, aterrorizados e cheos de medo, crían ver un espírito. E el díxolles:

Xesús: -«Por que vos alarmades?, por que xorden dúbidas no voso corazón? Mirade as miñas mans e os meus pés: son eu en persoa. Palpádeme e dádevos conta de que un espírito non ten carne e ósos, como vedes que eu teño».

Narrador: Dito isto, mostroulles as mans e os pés. Pero como non acababan de crer pola alegría, e seguían atónitos, díxolles:

Xesús: -«Tendes aí algo para comer?».

Narrador: Eles ofrecéronlle un anaco de peixe asado. El tomouno e comeu diante deles. E díxolles:

Xesús: -«Isto é o que vos dixen mentres estaba convosco: que era necesario que se cumprise todo o escrito na Lei de Moisés e nos Profetas e Salmos sobre min».

Narrador: Entón abriulles o entendemento para comprender as Escrituras. E díxolles:

Xesús: -«Así está escrito: o Mesías padecerá, resucitará de entre os mortos ao terceiro día e no seu nome proclamarase a conversión para o perdón dos pecados a todos os pobos, comezando por Xerusalén. Vós sodes testemuñas de isto».

Palabra do Señor

(Narrador – Xesús)